

DEBATE SOBRE O ESTADO DA NACIÓN 2025

INTERVENCIÓN ANA PONTÓN

(A versión válida será a que finalmente se pronuncie)

Galegos e galegas

Deputadas e deputados

Presidente do Parlamento

Señor Rueda:

“Antes de que sexa demasiado tarde, queremos recordar a todos que a guerra deixa sempre o mundo peor de como o atopou. A guerra é un fracaso da política e da humanidade.”

Son palabras do finado Papa Francisco, e quero facelas miñas porque coincido ao 100%: A guerra é un fracaso e sempre deixa un mundo peor.

Por iso síntome orgullosa de que o BNG se sitúe do lado correcto da historia: do lado da paz, do lado do antimperialismo e do lado da defensa da igualdade e da soberanía dos pobos.

Facémolo sabendo que se quere impoñer o pensamento único e demonizar a quen pensa diferente. Neste caso atacando o pacifismo fronte ese belicismo que persegue un brutal incremento do gasto militar. E que ninguén se engane máis gasto militar vai supoñer menos sanidade, menos educación ou menos pensións. Como xustificar esta carreira armamentística? Como sempre, acudindo ao medo e as mentiras. Así empezou a guerra de Irak, e así empezan todas as guerras.

Denunciamos a hipocrisía dunha UE que nos fala de defensa da soberanía e do dereito internacional no caso de Ucraína, pero mira obscenamente para outro lado ante o xenocidio do pobo palestino. A mesma hipocrisía de quen na crise de 2008 impuxo a disciplina fiscal cando se trataba de rescatar á xente que o perdera todo, pero agora rompe esa disciplina para comprar tanques e mísiles. Todo para xustificar o inxustificable: unha escalada belicista que traerá máis inseguridade e recorte de liberdades. Por iso unha vez máis, nós dicimos, non noso nome.

Porque detrás de todos estes conflitos están intereses xeopolíticos. A guerra comercial é a resposta de EEUU a un mundo cada vez máis multipolar e ao avance de China. E no medio, unha UE subordinada a Washington, como demostra coa súa submisión á OTAN coa na tépeda resposta ante os aranceis. Non é o que non gustaría pero o contexto no que temos que navegar.

Un contexto complexo, convulso, no que os cambios se aceleran. Un mundo onde impera cada vez máis a política de palabras ocas, onde o que se di non ten ningún valor e onde a propaganda substitúe aos principios. Así é como se entende, que neste Parlamento un presidente, sen poñerse colorado, diga diante de todas e todos nós: “Non esperen de min que responda a ningún interese que non sexa o interese de Galiza”.

Palabras ocas e propaganda para enmascarar que é vostede o presidente máis antigalego e desleal da historia señor Rueda!

Porque os seus feitos falan máis que as súas palabras. O seu proxecto de goberno consiste en vender Galiza a prezo de saldo.

Cree realmente que foi elixido para encher os petos das empresas amigas? Cree realmente que foi elixido para poñer o interese duns poucos por riba da vida dos galegos e das galegas?

Ninguén, absolutamente ninguén o elixiu para iso, porque o resultado das urnas non é un cheque en branco para traizoar a este País. Hai algo que as urnas non lle deron nin lle darán nunca: o dereito a gobernar en contra de Galiza, que é exactamente o que está facendo. E iso é imperdoable.

Proclámase servidor de Galiza pero en realidade é **servidor de** ALTRI, **servidor** das eléctricas, da sanidade privada, dos que fan negocio coa vellez, das empresas de familiares e amigos do PP ás que rega con millóns de euros de cartos públicos.

Voulle poñer un exemplo: 1.600, 1.600 contratos a dedo por valor de 7 millóns de euros á empresa que dirixe en Galiza a irmá do seu xefe, o señor Feijóo.

Señor Rueda vostede non serve a Galiza, sérvese de Galiza!

As consecuencias do seu goberno antigalego e desleal son nefastas para o noso País.

E a pregunta clave neste debate do Estado da nación é: Está Galiza mellor tras 16 anos de gobernos absolutistas do Partido Popular?

Hai un dato demoledor que responde a esta cuestión: mentres no Estado a poboación medrou en máis de 2 millóns, en Galiza perdemos 90.000 habitantes co seu goberno.

A imaxe que nos devolve este dato é a dunha Galiza paralizada, estancada, arrastrada por un goberno do PP sen proxecto, que conduce co freo de man posto, que desperdicia o potencial e a riqueza do País ou, aínda peor, que malvende esa riqueza ao mellor postor.

A conclusión é que temos un goberno antigalego e desleal que fai que Galiza perda cando o ten todo para gañar.

É normal que Galiza perda cando o seu goberno, en materia industrial, ten unha única máxima: gobernar a favor das multinacionais e dos grandes lobbies eléctrico, mineiro e forestal. Son unha auténtica máquina de producir normas que desprotexen ás persoas, o territorio e o medio ambiente.

E como virtuosos da propaganda, intentan poñerlle a etiqueta verde do greenwashing nin máis nin menos que a unha macrocelulosa. O mesmo greenwashing que aplican á megaminería contaminante ou ao espolio eólico.

Incapaz de conseguir nin un só proxecto de futuro, tecnolóxico e de vangarda, só trae para Galiza proxectos contaminantes que ninguén máis quere, máis propios do franquismo industrial que da Galiza do século XXI.

O último exemplo é a Mina de Doade. Queren extraer litio para as baterías de coches. Pero resulta que a fábrica de baterías vai para Zaragoza onde creará 4.000 empregos. E para completar a foto, resulta que a empresa que quere explotar ese litio tamén ten as súas oficinas centrais en Zaragoza.

É dicir, para Galiza espolio, destrución e contaminación, para outros o emprego, a tecnoloxía e a produción. **Este é o resultado de gobernar en contra de Galiza, señor Rueda!**

Un presidente que pensara Galiza en grande, como mínimo esixiría que as baterías que se van usar o litio galego se fabricaran en territorio galego. Pero vostede non, faltoulle tempo para recibir ós promotores e a bendicir o mesmo proxecto rexeitado en 2020 polo seu impacto medioambiental. Pero que máis dá! Xa terá tempo de nomear a dedo ao cargo político que firme unha DIA favorable, como acaba de facer con ALTRI.

ALTRI é o paradigma de como goberna en contra de Galiza, desde a deslealdade máis absoluta.

A un lado temos a unha empresa portuguesa que quere colocarnos unha macrocelulosa contaminante no corazón do rural. Ao outro lado, a xente da comarca de Arzúa-Ulloa con 4.000 empregos directos e as 19.000 familias que viven do mar na Ría de Arousa e que recibirá a auga do Ulla contaminada pola celulosa.

Non é necesario ser un experto en bioloxía mariña para predicir os nefastos efectos que vai ter nunha ría cuxa produtividade xa está en caída libre. E de que lado se pon o señor Rueda. Do lado de Galiza, do lado da xente do rural e do mar?

Claro que non, vostede sempre en contra de Galiza, sempre desleal con este País!

Vostede elixe facer de comercial de *ALTRI*, que ademais ten de socio a Greenalia, a empresa da que forma parte a súa compañeira de partido e ex conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato. Outra vez as portas xiratorias do PP.

Non falla.

A alguén lle sorprende que a Ex- Ministra Isabel Tocino ou Ex- Conselleiro de Medio Ambiente Carlos de Álamo estiveran no Consello de Administración de *Ence*? A alguén lle sorprende que *Navigator*, outra empresa do lobbie do eucalipto, acabe de fichar ao ex-director de Conservación da Natureza, Ricardo García Borregón? Cal será a próxima porta xiratoria, algún director xeral, conselleira? A súa señor Rueda?

Desde logo méritos está facendo, leva meses peregrinando por despachos de Madrid e Bruxelas reclamando para ALTRI 250 M€ de axudas públicas para que contamine o rural e as rías. Se adicara un 10% dese esforzo ás peme's e autónomos deste país mellor nos iría!

Fágolle unha proposta: desactive esta bomba ambiental e traballemos xuntos para que eses 250 M€ veñan para Galiza, para rexenerar as rías e para fortalecer as pemes e os autónomos, ós nosos sectores produtivos, porque iso, señor Rueda, si que sería pensar Galiza en grande!

Megaminería contaminante, macrocelulosas e como terceira gran proposta industrial do seu goberno antigalego: favorecer o espolio eólico das eléctricas, tanto por terra como por mar.

Por que tanto empeño en reducir Galiza a unha colonia das multinacionais señor Rueda, por que?

A este paso só lle queda poñer o cartel: "Galiza véndese".

Os datos demostran que a súa estratexia de "vender Galiza" é nefasta: o sector industrial perdeu peso no PIB e 31.700 empregos entre 2008 e 2024.

En contraposición señorías, a **alternativa industrial** do BNG consiste en poñer a riqueza do País ao servizo do País, con iniciativas novidasas como o fondo soberano: *Nova Galiza Innovadora*, que nos permita mobilizar 1.200 millóns ate 2030 para investimento estratéxico; apostando pola ciencia e incrementando o gasto en I+D+i até o 2,5% do PIB. E en materia enerxética frear o espolio creando unha empresa pública de enerxía, unha tarifa eléctrica galega e recuperando as concesións hidráulicas a medida que caduquen. É de sentido común, a enerxía de Galiza ao servizo dos galegos e das galegas.

E se nos últimos anos algo aprendemos é que producir alimentos é estratéxico, pero co PP sectores como a pesca e o agrogandeiro cada vez teñen máis dificultades para saír adiante.

Somos unha nación pesqueira, pero en 2024 Galiza rexistrou a maior caída de emprego da súa historia afectando a todas as actividades extractivas sen excepción. Foi tamén un mal ano en canto as vendas en lonxa, en concreto foi o peor dos últimos 25 anos.

Está afogando ao sector pero como medida estrela presenta un bono de 50€ para comprar peixe. Que peixe señor Rueda, o que veña conxelado de China en contedores cando vostede termine de arruinar ao noso mar coa contaminación de ALTRI?

Sexa serio e se realmente quere axudar ao sector da pesca empece pola rexeneración das nosas rías, que teñen a produtividade en caída libre tras décadas esperando unha rexeneración integral que nunca chega, ao contrario, o que lle ofrece o PP é terminar de darlle a puntilla con novos vertidos de macrocelulosas e megaminas.

O seu goberno estase levando por diante a pesca e o marisqueo e fai escasos meses votaba en contra da ILP que, avalada por 18.000 sinaturas, pedía que o sector marítimo-pesqueiro fose considerado de interese xeral.

Aínda non explicou porque ALTRI si é de interese xeral e a xente do mar non, explíqueo aquí se é capaz, non hai mellor lugar e mellor momento para facelo.

Explíquenos tamén porque en medio dunha emerxencia climática quere converter o noso monte nun polvorín, poñendo en risco até a vida das persoas!

O noso País xa é un gran eucaliptal con 419.000 hectáreas, case o dobre do previsto no Plan Forestal para 2030. E aínda así, noutro exemplo de como goberna en contra de Galiza, coloca o noso monte ao servizo de ENCE e agora tamén das pasteiras lusas, que veñen aquí para conseguir os eucaliptos que xa non lles permiten plantar en Portugal.

Non só está xogando co presente do País, está hipotecando o futuro dos nosos fillos e netas. Recapacite e poña en marcha unha nova política.

A **alternativa do BNG** é empezar por unha moratoria na plantación de eucalipto, como mínimo, até 2030; recuperar 100.000 has para terras de cultivo; apostar por un monte multifuncional e implantar un Plan de compra pública alimentaria, co obxectivo de que no ano 2027 o 50% dos produtos que se consuman en todos os comedores da administración pública sexan produtos frescos e de proximidade. Acaba de copiarnos a idea do ticket rural, poñéndolle outro nome. Copie tamén estas medidas e acertará. Pense Galiza en grande señor Rueda!

Co seu goberno en contra de Galiza explícase catro datos especialmente preocupantes:

1. Galiza non logra converxer con Europa en termos de PIBpc e hoxe temos 6 puntos menos que hai quince anos.
2. Galiza segue perdendo posicións no Índice de Competitividade Rexional da UE: en seis anos, baixamos once posicións, pasando a ocupar o posto 154. Xusto ao contrario do Norte de Portugal que está no 135.
3. A taxa de investimento reduciuse á metade nos últimos quince anos.
4. Non atraemos capital, e por riba o aforro galego marcha para fóra: 36.121 millóns de euros, case a metade do noso PIB.

Conclusión: o empesariado non inviste en Galiza porque non confía no seu goberno e iso é un problema para o presente e o futuro do noso País.

Un problema que tamén repercute nun mercado laboral precarizado. Soportamos a segunda taxa de poboación activa máis baixa do Estado, as afiliacións á Seguridade Social medraron dez puntos menos que a media e se tomamos como referencia o emprego autónomo, en España medra case un 10% mentres que aquí cae un 0,6%.

Todos estes datos son demoledores e son froito de 16 anos dunha política desleal que fai que Galiza perda cando ten todo para gañar.

Ten que deixar de gobernar en contra da maioría señor Rueda e ten que deixar de queren converter dereitos básicos en negocio. Empezando pola sanidade.

Na sanidade pública non usaron a tesoirá, empregan a motoserra, cebáronse con atención primaria, cun recorte acumulado de 2.000 millóns de euros. Por iso hoxe hai listas de espera até de quince días para ir ao médico de cabeceira. E por iso hai 11.000 nenos e nenas sen pediatra.

Pero é que ademais o seu goberno recorta sobre os recortes. En 2023, sobre o orzamento aprobado para atención primaria, recortaron 170 millóns de euros. E isto non o denuncia o BNG, denúnciao o Consello de Contas.

O mesmo consello de Contas que acaba de destapar que desde 2019 incrementaron un 18% os concertos coa sanidade privada: 242 millóns de euros ao ano. Só con dez deses millóns poderían contratarse todos os profesionais de psicoloxía clínica que precisa a sanidade pública. Non hai cartos para contratar psicólogos pero si hai cartos para pagar un sobrecusto de 470 M€ ás construtoras amigas do PP polo Hospital de Vigo.

A **alternativa do BNG** pasa por todo o contrario, por reforzar a sanidade pública.

- 1.- Empezando por un Plan de rescate da atención primaria, aumentando os recursos até destinar o 25% do orzamento total do SERGAS.
- 2.- Un novo Plan de saúde mental e prevención do suicidio, que contemple a incorporación de 180 psicólogos máis, cen deles en atención primaria. É o mínimo para cumprir coas recomendacións da OMS, fronte a súa raquítica proposta que condena ás persoas con problemas de saúde mental a unha lista de espera eterna.
- 3.- Recortar as listas de espera cun plan de choque.
- 4.- Rescatar a área sanitaria de Vigo e corrixir de inmediato todas as deficiencias da área sanitaria de Ourense.
- 5.- Mellorar as condicións de traballo dos e das profesionais da sanidade pública.

É pídolle que deixe de esconderse detrás dos traballadores e traballadoras da sanidade mentres os mantén sobrecargados e na precariedade, co SERGAS convertido na maior ETT de Galiza. Menos teatrillo e dote á sanidade pública dos profesionais que precisa e coa dignidade que merecen!

A sanidade necesita medidas reais como as que propoñemos desde o BNG, non os seus anuncios ocos:

- anunciou un plan de recursos humanos, do que nada se sabe;
- anunciou un plan para dotar atención primaria de psicoloxía clínica, seguimos esperando.
- anunciou un novo modelo de atención primaria, está en busca e captura.

- anunciou un plan para reducir as listas de espera hospitalaria, deste si que sabemos algo, son superiores ás que había antes da pandemia.
- anunciou que demolería o Hospital materno de Ourense..., mentres as nais e os bebés esperan, o edificio xa se está autodemolendo. Tres derrubes en ano e medio, é unha vergoña!

Non tivo tempo de pedirlle desculpas ás mulleres de Ourense que teñen que parir nun hospital que se cae a cachos, pero si tivo tempo de montar un acto bochornoso a maior gloria súa, un acto máis propio dun ególatra que dun servidor público.

Esas son as súas prioridades!

E falando de prioridades, ven aquí a presumir de educación inclusiva cando cada ano, as nais e pais teñen que protestar cada curso porque os seus fillos e fillas non teñen o profesorado de apoio que necesitan. E explíquenos porque non quere recuperar a gratuidade dos libros de texto. Rectifique e acertará, acepte a proposta do BNG de recuperar a gratuidade dos libros de texto, para que o ensino gratuito sexa unha realidade, e non un slogan más da súa propaganda.

Se poñemos o foco nos servizos sociais, vemos que o seu Goberno vulnera sistematicamente os dereitos das persoas maiores, ás que fai esperar de media **388 días** para tramitar a dependencia, máis do dobre do que indica a lei.

Hai **2.716 persoas maiores esperando**: esperando por unha valoración de grao, pola resolución das axudas (PIA) ou polo acceso a unha prestación á que teñen dereito. Sabe cantas persoas morreron nos últimos sete anos, mentres agardaban pola prestación da dependencia? 7.045 persoas

E unha vez máis, cando ten que camuflar a súa falta de xestión recorre a propaganda, que como sempre, nunca se compren. Lembra o novo modelo residencias que anunciou tras a COVID? Onde está señor Rueda?

Mentres as súas promesas agardan nun caixón, a cidadanía sofre a súa falta de palabra. Nin unha soa praza de residencias públicas en dezaseis anos e agora promete 24 en tres anos. Total que máis dá, a propaganda aguanta todo.

Mentres, ten o *Servizo de axuda no fogar* está colapsado e só dá altas por falecemento: hai algo máis cruel que ter a unha persoa maior esperando a que faleza outra persoa maior para recibir a axuda que precisa? Pero aínda así votou en contra de aumentar o financiamento do SAF como propuxo o BNG neste Parlamento.

Con promesas baleiras non se solucionan os problemas e vostede acumula un feixe da promesas que anuncia un vez tras outra con idéntico resultado: a nada.

- Do rexistro de familias monoparentais que anuncia desde 2011, nada.

- De desenvolver a Lei de accesibilidade que anuncia desde 2014, nada.
- Da estratexia para combater a soidade non desexada que anuncia desde 2019, nada.
- Da posta en marcha dos CIM móbiles tampouco se sabe nada.
- Do dous centros de coidados intermedios que anunciaba en 2021 tampouco sabemos nada.

Debe ser parte do seu “estilo Rueda”: demostrar unha vez e outra que a súa palabra non vale nada.

Hai que situar os coidados no lugar que se merecen. Por iso, **a alternativa do BNG** pasa pola creación dun SERGAS dos servizos sociais, colocando a dependencia ao mesmo nivel que a sanidade e a educación.

Pero o que seu goberno ofrece como gran medida é descargar nas mulleres o coidado das persoas maiores a cambio dun cheque de 416 euros/mes. Por menos do que custa a RISGA o seu goberno lávase as mans pasándolle a responsabilidade dos coidados ás mulleres.

Esta é a súa gran contribución á igualdade!

Vímolo no acto do pasado martes. Nunca, e dígollo coa máxima sinceridade, nunca pensei que asistiríamos a un acto de tal indignidade, non só polo despilfarro de recursos públicos para maior autobombo dun cargo, senón polo uso da dor e das necesidades das persoas para facerse propaganda. Hai un límite para case todo na vida señor Rueda, e neste caso o límite chámase decencia.

De verdade pensa que é motivo de orgullo para o seu goberno que unha muller teña que abandonar o traballo para coidar a súa nai enferma? Porque iso formou parte do seu acto de autobombo da pasada semana.

Esa maneira de facer política será o “estilo Rueda” pero desde logo non é o “estilo Galiza”, porque na Galiza que queremos e merecemos, as mulleres non teñen que renunciar as súas aspiracións profesionais para exercer de coidadoras e facer o traballo que o seu Goberno non fai.

Xa vemos a onde nos conduce o seu estilo, ao ruedafeudalismo, onde a xente ten que ir a darlle as grazas ao gran líder polos favores que este reparte. Vostede non quere dereitos, quere caridade. Non quere cidadáns, quere servos, pero debe saber que en política vense á servir a xente, non a servirse da xente!

E con esta visión do papel da mulleres enténdese porque temos un goberno que incumpre as leis de igualdade, que ten en precario a moitas das

traballadoras da Xunta, un goberno que recortou as axudas ás vítimas de violencia machista e aínda hoxe son máis baixas que hai dezaseis anos.

Un goberno do Partido Popular que mesmo privatizou os centros de crise 24 horas facendo negocio cos dereitos das mulleres. E adiviña quen é unha das empresas beneficiadas? Adiviñan señorías do PP? Que sorpresa, ninguén o esperaba, a empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo. Unha vez máis o PP convertendo dereitos en negocio das súas empresas amigas!

En materia de vivenda o seu fracaso é tan absoluto que ten a miles de mozos e mozas que non poden pagar nin un aluguer porque o único que fixo en dezaseis anos foi dinamitar a política social de vivenda e anunciar programas que son un fracaso tras outro.

Programa de vivenda baleira: mobilizou 30 vivendas baleiras en catro anos.

Programa Rehaluga de axudas a rehabilitación: houbo anos nos que chegaron a conceder a mareante cifra de 3 axudas en total.

Programa Vivendas Vivas: anunciou que ía mobilizar 300 vivendas, mobilizou 36 en tres anos.

Programa Rexurbe: 2106 anunciou 1.500 vivendas protexidas, en 2020 subiu a aposta a 3.000. Ao día de hoxe apenas lograron vinte vivendas protexidas entregadas..

E para guinda da torta, en 2024 que presentaron como o gran ano da vivenda, dos 12 M€ para construír vivenda de promoción pública o seu goberno deixou sen executar 10,7 M€. Fracaso, tras fracaso que intenta tapar con anuncios e propaganda, esa é a súa política de vivenda, señor Rueda

A realidade é que o acceso á vivenda é máis difícil hoxe que hai 16 anos, urxen medidas para actuar no inmediato, **a alternativa do BNG** inclúe medidas concretas.

1º.- Declarar zonas tensionadas para limitar os prezos do aluguer e aumente as axudas.

2º.- Retirar todas as vivendas turísticas ilegais do rexistro da Xunta e fixe un límite máximo de vivendas turísticas por habitante en Galiza.

3º.- Mobilizar vivenda baleira para poñela en aluguer social. Só nas grandes cidades hai 90.000 vivendas baleiras, señor Rueda.

Sabe o que non vai frear a especulación coa vivenda? A súa medida de baixarlle impostos ás grandes fortunas, construtoras e fondos voitre que decidan comprar ou construír pisos para alugar ao prezo que lles pete. Esta é a súa gran aportación á emancipación da mocidade!

Aínda que teño que recoñecerlle que en materia fiscal vostede é coherente, coherente con esa minoría para a que goberna! Presume de ter baixado os impostos 120 veces, como se cos impostos non se pagasen os servizos

públicos. Pero o que, ademais, esconde que esas baixadas son insolidarias porque benefician aos máis ricos, empezando polos 38 M€ ás 7.000 persoas con máis patrimonio, mentres mantén conxeladas as pensións non contributivas.

Sabe canto lle costa a Galiza a súa política de agasallos fiscais aos máis ricos? 2.854 millóns de euros só entre 2018 e 2023. Imaxine a de médicas, profesores, psicólogas que se poderían ter contratado con eses cartos; imaxine a cantidade de vivendas e residencias públicas que se poderían ter construído.

Menos política fiscal de amiguete e que pague máis quen máis ten, trátase de que haxa xustiza fiscal, para que haxa xustiza social!

E pedímoslle tamén que non degrade a democracia, confundindo maioría absoluta con absolutismo. E que, por unha vez, cumpra o que promete.

Vostede promete nesta Cámara “puntos de encontro”, pero en tres anos só se dignou a manter un encontro coa líder da oposición e sempre desprezou a man tendida do BNG para chegar a acordos en temas de País.

Promete diálogo pero o único que fai é aplicar o rodillo da maioría absolutista e traer a este Parlamento a lameira e a crispación política de Madrid. Aí é onde se senten cómodos, porque son o PP máis ultra.

Ocultan información sistemática a este Parlamento, como os acordos secretos con ALTRI, e mesmo falsean a documentación que mandan a esta Cámara, como fixeron na comisión de investigación dos chanchullos do PP. Está claro que tiñan e teñen moito que esconder!

Por iso necesitan darlle unha volta de torca ao control dos medios públicos. A TVG reducida ao NO-DO, todo a maior gloria do Partido Popular, mentres se silencia á oposición.

Pero a guinda do seu absolutismo é o desprezo con quen se atreve a discrepar de vostede, insultado ás persoas que se manifestan en contra das súas políticas. Eses milleiros de galegos e galegas non son alborotadores, nin unha turba populista, son persoas traballadoras e decentes que lexitimamente discrepan do seu goberno e saen a rúa para defender o que consideran xusto.

Aprenda a respectalas señor Rueda, é o mínimo que un Presidente debe respectar en democracia!

E falando de respectar, respecte a lingua que herdamos dos nosas avoas e pais. Señor Rueda, que problema ten co galego? A que se debe esa política de acoso e derribo? Porque vota sempre en contra da lingua propia de Galiza? Segue detrás da pancarta contra o galego, por que?

Tal vez a resposta a estas preguntas expliquen dezaseis anos de acoso que nos sitúan nunha emerxencia lingüística, onde o 54% da xeración educada co

decreto da vergoña nunca usa o galego e só o 7% dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos falan galego sempre; a metade que en 2018.

Con esta progresión, en seis o galego anos desaparecería entre as novas xeracións, avanzando no seu obxectivo: o monolingüismo en castelán. Teña por seguro que non o van conseguir, porque somos máis os galegos e as galegas que sentimos orgullo e amor pola nosa lingua!

A pesar de todo, a nosa man segue tendida a favor do galego, e aquí ten a alternativa do BNG:

- Pactar prazos e orzamentos para aplicar o gran pacto que xa temos polo idioma: o PXNL.
- Derrogar o decreto da vergoña e acordemos novo decreto do galego que garanta as xeracións mais novas o dereito a coñecelo e a usalo.

Escoite a esa maioría que está pedindo mil primaveras máis para a nosa lingua, porque como moi ben dicía Castelao, se aínda somos galegos e por obra e gracia do idioma.

Un Castelao a quen homenaxeamos este ano e que hoxe se rebelaría contra o seu servilismo a Madrid, contra a submisión dun presidente abandeirado do centralismo que en dezaseis anos só logrou unha competencia. A este paso precisaríamos máis de 300 anos para que se cumpra o Estatuto.

Vostede non cree no autogoberno, prefere facer o que lle manda o PP de Madrid, aínda que iso supoña pisotear os intereses de Galiza. Vímolos coa quita de débeda. No último debate do estado da nación, acordamos solicitar a quita da débeda, pero agora vostede di non porque llo manda o seu xefe de filas desde a Rúa Génova.

Demostra unha vez máis que estamos ante o presidente máis desleal da historia. Os intereses partidistas do PP sempre por diante de Galiza, aínda que iso supoña perder miles de millóns de euros.

Que caro nos sae o seu servilismo a Madrid, señor Rueda!

Pola contra, **a alternativa do BNG** pasa por darlle a Galiza necesita un novo status de nación, para que as decisións máis relevantes sobre enerxía, infraestruturas, economía ou servizos públicos estean en mans da cidadanía galega. E por suposto, que os galegos e galegas teñamos a chave dos nosos cartos.

Euskadi e Navarra xa teñen un concerto económico e ben que lles vai! Cataluña está negociando o seu e desde o BNG non imos permitir que Galiza sexa a única das nacións que se queda atrás. Poña os intereses de Galiza por diante da súa ideoloxía.

Señor Rueda: Un goberno pode equivocarse, pero o que nunca pode facer é traizoar ao País e á cidadanía á que se debe. As urnas déronlle o dereito a

governar, pero non lle deron o dereito a gobernar en contra de Galiza, nin a ser o presidente máis desleal da historia.

Dicíalle ao inicio deste debate que a pregunta clave era se Galiza estaba mellor tras 16 anos de gobernos absolutistas do Partido Popular?

Tiveron a oportunidade de transformar este país durante 16 anos, pero o que nos deixan é unha Galiza con menos poboación, cuns sectores produtivos ameazados polas súas políticas, unha Galiza con menos emprego industrial, onde a xente moza ten máis problemas para acceder a unha vivenda, onde as listas de espera seguen medrando, unha Galiza á cola en innovación e onde a nosa lingua está en situación de emerxencia. Unha Galiza a que vostede conduce á irrelevancia pola súa submisión ao centralismo madrileño.

As súas decisións lévannos a este balance, a este punto no que é necesario poñer en marcha novas ideas e proxectos. É necesario un goberno que actúe desde a confianza no País e na súa xente, sen complexos, con ambición. Que desde a dignidade do que nos fai únicos podamos situarnos no mundo con voz propia, en pé de igualdade e contribuíndo a un mundo máis xusto, esa célula de universalidade da que falaba Castelao.

Esa Galiza só se pode construír unindo o País e á xente para defender o que importa: unha sanidade pública no que o dereito a saúde dependa da tarxeta sanitaria e non da bancaria, onde a educación sexa igual para o fillo dun traballador que dunha empresaria, con traballos decentes que permitan chegar a fin de mes; onde o dereito a unha vellez digna non se perverta polo negocio e onde pensemos nas xeracións que veñen detrás, que teñen dereito a herdar un territorio coidado e as seguir bebendo na fonte da nosa identidade propia.

Esa Galiza é posible, só precisamos un goberno que en cada decisión que tome teña como compás defender o país e a súa xente. Esa é a guía dun BNG que coas súas propostas é xa un goberno alternativo. Ese é tamén o meu compromiso persoal, estar hoxe e sempre do lado dos galegos e das galegas.

Sempre en Galiza.

Moitas grazas.